

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, E TURISMO E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela 26 de abril de 2019

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Francisco José Rabuñal Mosquera, en representación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, con CIF número Q-1563003A, en calidade de decano, que asina de conformidade co disposto no artigo 48-2 do Estatuto xeral da avogacía española (Real decreto 658/2001, do 22 de xuño).

EXPOÑEN

- Que ambas as institucións son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.
- Que tamén son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que

aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade. Que así mesmo, as partes convenientes queren favorecer o desenvolvemento do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se considera aos colexios profesionais como un sector estratéxico para intervir e mellorar a presenza do galego na súa actividade diaria e convertela en lingua de traballo.

- Que o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante o Colexio de Avogados) é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, que ten asignados, entre outros, como fins esenciais e de acordo co establecido no artigo 4 do seus estatutos, a ordenación do exercicio da profesión, a súa representación exclusiva, a formación profesional permanente dos avogados, a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza e colaborar coa Administración pública no exercicio das súas funcións.
- Que esta corporación, consciente da importancia de aplicar a normativa relativa á normalización lingüística, así como da responsabilidade que os colexios profesionais autonómicos teñen á hora de actuar como axentes para promover a lingua galega nos seus respectivos ámbitos profesionais, dende hai anos vén traballando no proceso de normalizar o idioma galego no eido da avogacía na súa área de actuación.
- Que neste sentido manifesta a súa vontade de continuar colaborando coa Consellería de Cultura e Turismo para desenvolver durante o ano 2019 diversas actuacións destinadas a impulsar e mellorar o uso da lingua galega entre os profesionais colexiados e no funcionamento da propia entidade, coa finalidade de conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior na actividade xurídica no seu ámbito de actuación e nas súas relacións coa cidadanía.
- Que, dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán levar a cabo polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela como entidade social e corporativa galega que ten a representación exclusiva para a formación profesional permanente dos avogados e para colaborar coa administración pública no exercicio das súas funcións, polo que

non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Para tal fin, ambas as dúas partes asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para conseguir que o idioma galego vaia sendo cada vez máis habitual nas actuacións do colectivo da avogacía galega perante a Administración de xustiza, de xeito que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexa, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a implantar a normalización lingüística no funcionamento do Colexio e no colectivo de profesionais afiliados, e facilitarlles o asesoramento e a información que precisen en materia xurídico-lingüística.

Segunda.- Obrigas do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura deste convenio o Colexio de Avogados comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes actuacións:

1. Facilitar asesoramento lingüístico e terminolóxico aos profesionais colexiados e ao persoal do colexio.
2. Fomentar o uso do galego na documentación, comunicación interna e externa, nas campañas, publicidade, material divulgativo do colexio e dos seus colexiados.

3. Editar en lingua galega a revista colexial Avogacía Compostelá. Incluirá unha sección dedicada á normalización lingüística, “Ao pé da letra”, que conterá artigos de divulgación sobre a normalización do galego e/ou contidos de carácter formativo en relación coa linguaxe xurídica.

4. Realización da XIII edición da Xornada “ Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización”

5. Editar en galego a Guía Oficial 2019 do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

6. Accións formativas:

A) Curso sobre competencias en lingua galega para o exercicio da avogacía, dirixido ao alumnado que está a cursar o Máster universitario en Avogacía e, de ser o caso e segundo a demanda, reservarse un número de prazas para persoas colexiadas pertencentes ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Este curso será homologado polo curso medio de linguaxe xurídica galega se se cumpren os seguintes requisitos:

- O curso deberá axustarse ao establecido na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24 de xuño; corrección de erros no DOG núm. 223, do 22 de novembro).
- Con carácter previo ao inicio do curso, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral de Política Lingüística a súa programación específica.
- O curso deberá impartirse seguindo o programa docente detallado no anexo III da citada Orde do 13 de xuño de 2011. Terá unha duración de 75 horas e o número de participantes non poderá ser superior a 30.
- Tras o remate do curso, o profesor deberá entregar na Secretaría Xeral de Política Lingüística: a acta do curso, o informe do curso, a proba final e os traballos corrixidos.
- A avaliación basearase no principio de avaliación continua. En calquera caso, de acordo coa Orde do 13 de xuño de 2011, é obrigatorio:

- A realización de cinco traballos ou exercicios feitos na aula durante o curso.
- A entrega dun traballo final feito fóra da aula, cunha extensión mínima de 5 páxinas, e que constará das seguintes partes: un ou varios documentos orixinais; a corrección ou, se é o caso, tradución mellorada dese/s documentos/s; e un comentario razoado dos cambios introducidos.
- Unha proba final, que constará dunha parte escrita e dunha parte oral.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha ou varias persoas, que se encargarán de realizar a proba final.

Unha vez rematado o curso e logo de que o profesor entregue a correspondente acta e o resto da documentación antes referida, o alumnado que adquira a cualificación de apto recibirá o correspondente certificado, que será expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Os gastos de profesorado, locais, coordinación e calquera outro que implique a organización do curso pagaránse con cargo á cantidade estipulada no convenio.

B) Seminario que tratará contidos específicos da linguaxe xurídica e incidirá na mellora da calidade lingüística dos profesionais da avogacía.

7. Visibilizar a lingua galega no marco dos actos e actividades conmemorativas do 175 aniversario da creación do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (cartelaría, selos personalizados, ciclos de conferencias e cine, publicacións relacionadas....)

8. Integración e mantemento do idioma galego na creación dunha App móbil do ICA de Santiago, con informacións e recursos de aproveitamento profesional para os colexiados e as colexiadas.

9. Actualización e mantemento en galego da páxina Web do Colexio de Avogados www.icasantiago.org.

10. Manter o servizo de asesoramento lingüístico en liña, que conta coas seguintes áreas: asesoramento, dinamización e formación.

O Colexio encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como de facilitar o persoal, infraestruturas e medios de que dispón para a súa execución.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, ao Colexio de Avogados o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O orzamento das actividades que se van desenvolver con cargo a este convenio ascende a un total de **24.000,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- . A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará coa cantidade máxima de **18.000,00 €**, con cargo á partida 11.40.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2019.
- . O Colexio de Avogados achegará a cantidade restante de **6.000,00 €**

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

O Colexio de Avogados percibirá a achega da Consellería de Cultura e Turismo en dous pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

- . O primeiro pago corresponderá ao 50% da achega desta consellería, e abranguerá o período que vai dende o asinamento do convenio ata que se leve executado, aproximadamente, o 50 % das actividades.
- . O segundo, relativo ao restante 50% da achega da consellería, realizarase unha vez que se execute a totalidade do convenio, e en todo caso, o 30 de novembro de 2018 como data límite.

Para percibir as achegas sinaladas na estipulación anterior, o Colexio de Avogados presentará electronicamente, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, entregárase un exemplar dos traballos que se publiquen.
- Un informe dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua. Este informe o presentará electronicamente o Colexio de Avogados cando xustifique o segundo pagamento.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente

A entidade procurará utilizar o galego o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

Antes de proceder a sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O Colexio de Avogados facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura e Turismo, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013,

do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.-Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes de Política Lingüística e dous representantes do Colexio de Avogados. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

A extinción deste convenio poderá producirse:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se resolver este convenio por incumprimento do Colexio de Avogados, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para o seu financiamento.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.
2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste convenio <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e www.icasantiago.org conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.
3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.
4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.
5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, ou no seu enderezo electrónico

sxt.cultura.turismo@xunta.gal e, á sede do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, Rúa de Eduardo Pondal, 4, 15702 Santiago de Compostela ou no seu correo electrónico st.gerente@icasantiago.org. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O decano do Ilustre Colexio de

Avogados de Santiago de Compostela

Román Rodríguez González

Francisco José Rabuñal Mosquera